

Ruta circular que conecta as **Brañas do Sar** co **Parque Eugenio Granell**. A súa proximidade ao centro urbano durante todo o traxecto permite acceder á ruta case desde calquera punto e deixala tamén en calquera momento.

Para facer a ruta máis longa, recoméndase a Senda 06. Río Sar > Bosque do Banquete de Conxo.

Propónse o seu inicio na **Colexiata Santa María a Real do Sar**, unha construción do século XII á beira do río Sar que é, xunto coa Catedral, a igrexa que mellor conserva a súa primitiva fábrica románica. Desde aí dirixímonos á **Ponte do Sar** e, sen cruzar a ponte, debemos virar á dereita para iniciar o camiño descendente, paralelo ao río (que nos queda a man esquerda).

Ao finalizar o muro de pedra, na bifurcación, debemos seguir a senda da dereita, que segue en liña recta até chegar á **Fonte das Brañas de Sar** e desde aí continúa ata as **hortas urbanas municipais**. Continuando por debaixo da rotonda da Ponte Pedriña entramos no **Parque Eugenio Granell**, e a senda segue paralela ao río até chegar ao **Muíño de Parceiros**. Desde aí, o camiño cruza a ponte para volver pola **Carballeira do Paxonal** ao Parque Eugenio Granell, quedando agora o río a man esquerda. Ao chegar á escultura de **José Martí** (que se atopa preto da cafetería de madeira), a senda cruza a ponte para alcanzar de novo o camiño que pasa baixo a rotonda da Ponte Pedriña. Á altura das hortas urbanas municipais, a senda vira á dereita, cruza sobre o río e continúa polo carreiro de Picaños uns 550 m até chegar a unhas casas, onde xira á esquerda ata chegar ao muro de pedra que nos conduce de novo á **Ponte do Sar**. Unha vez na ponte, se viramos á esquerda atopamos de novo a **Colexiata Santa María a Real do Sar**, e se queremos prolongar un pouco máis o paseo, podemos cruzar de fronte e continuar uns 900 m máis (só ida) para chegar ao final desta senda fluvial, na piscina municipal.



sendas próximas

- 06. Río Sar > Bosque do Banquete de Conxo
- 07. Bosque de Galicia > Cidade da Cultura > Parque do Lago
- 08. Monte Viso [Senda Mitolóxica]



ten en conta



> Roupa e calzado apropiados para camiñar e adaptados á meteoroloxía e condicións do sendeiro.



> As sendas fluviais adoitan ser moi húmidas, e máis tras días de choiva, en que poden aparecer zonas encharcadas ou esvaradias.




> Mantén limpa a contorna e respecta a biodiversidade.

> Axúdanos a mellorar. Agradecemos os teus comentarios, suxestións ou avisos sobre o estado da senda en sendas@santiagoturismo.com



co apoio de



RUTA VIRTUAL



ruta circular



público familiar



apto bicis



parcialmente sinalizada



SAN 05

santiago natural

sendas

de Santiago de Compostela

Río Sar > Muíño de Parceiros




distancia:
4,6 km

duración 1.30 h
dificultade baixa



*Fotos: Turismo de Santiago



-  Bosque / Zona verde
-  Miradoiro
-  Parque / Área recreativa / Zona infantil
-  Zona de Restauración
-  Ponte
-  Parada de autobús
-  Punto de interese
-  Aparcamiento